

Percorrido polas rutas de senderismo dos concellos do Ulla

2022

Goza do Ulla



Inscripción nos Concellos correspondentes ata o martes previo á realización da actividade.

PROGRAMA PROMOVIDO POLOS CONCELLOS DE:
 A ESTRADA | AGOLADA | ANTAS DE ULLA | ARZÚA | BOQUEIXÓN
 CATOIRA | DODRO | MONTERROSO | PADRÓN | PALAS DE REI
 PONTECESURES | RIANXO | SANTISO | SILLEDA | TEO | TOURO
 VALGA | VEDRA | VILA DE CRUCES | VILAGARCÍA DE AROUSA

Máis información e actividades complementarias:
 Concellos participantes, gozadoulla@gmail.com,
 Oficinas de Información Turística dos concellos participantes
<https://www.facebook.com/Gozaoulla>



TOURO

VARIANTE CIRCULAR PRG121 "POLOS CAMIÑOS NATURAIS DO LAÑAS, ULLA, BASEBE E NOVEFONTES"

GPS: N: 42° 51' 57.9"
O: 8° 17' 13.1"

Data: Sábado, 1 de outubro de 2022
 Hora saída: 9:30 h. Distancia: 16,4 Km.
 Dificultade: Media
 Punto de encontro: Área Recreativa de Santaia
 Contacto e información: Tel.: 649 610 209
 turismo@concellodetouro.gal



Percorrido circular que discorre polas beiras dos ríos Lañas, Basebe e Ulla seguindo o trazado da ruta prg. 121 ata a Ponte Basebe. Neste punto, camiñando escasos metros pola marxe dereita do Río Ulla en medio dunha fermosa paisaxe, chegaremos a un tramo de gran riqueza cultural e arquitectónica enclavado na aldea de Basebe. Durante o camiño pasaremos por muíños, fervezas, hórreos, corredoiras, pero o que máis sorprenderá desta senda, serán os cambios de vexetación que abrangue bosque atlántico, mediterráneo e bosque de ribeira.

CATOIRA

DE PEDRAS MIÚDAS Á RIBEIRA DO ULLA

GPS: N: 42° 40' 02.1"
O: 8° 43' 17.5"

Data: Domingo, 2 de outubro de 2022
 Hora saída: 10:00 h. Distancia: 12 Km.
 Dificultade: Media-Baixa
 Punto de encontro: Concello de Catoira
 Contacto e información: Tel.: 986 546 014 (ext. 2) - cultura@catoira.gal




O percorrido parte da Casa do Concello. Cruzando a aldea de Trasdaveiga subimos aos Muíños de Vento para descender logo ata a lagoa Pedras Miúdas. Seguimos descendendo ata o sendeiro do Río Catoira que nos leva ó Muíño do Cura (de marea) e enlaza co sendeiro polo borde do Río Ulla. Pasaremos pola Praia Fluvial, as Torres de Oeste e a zona de brañas incluída na Rede Natura 2000. Retornaremos polo mesmo percorrido, pasando onda o Centro de Activación Cultural Torres de Oeste (CACTO) e regresando ata a Fonte Gaiteira.

RIANXO

AS TRES CRUCES

GPS: N: 42° 40' 04.5"
O: 8° 44' 23.5"

Data: Sábado, 8 de outubro de 2022
 Hora saída: 9:30 h. Distancia: 11 Km.
 Dificultade: Media/baixa
 Punto de encontro: Escolas de Quintáns Parroquia de Isorna
 Contacto e información: Tel.: 667 185 676
 turismo@concelloderianxo.gal



Ruta circular que transcorre pola beira do río Ulla até chegar a un Vía Crucis marítimo-fluvial situado no Cabo de Trececrúces, na ladeira do Monte Palleiro. Percorrer a desembocadura do río Ulla pola marxe do concello de Rianxo permitirá ollar a outra marxe pertencente ós concellos de Catoira e Vilagarcía, así como a Illa de Cortegada e a Ría de Arousa. A ruta continuará das Tres Cruces até as Cercas, seguindo polo lugar do Souto até chegar ao punto de inicio.

VALGA

VISTAS DO ULLA E AFLUENTES

GPS: N: 42° 40' 39.2"
O: 8° 38' 27.9"

Data: Domingo, 9 de outubro de 2022
 Hora saída: 9:00 h. Distancia: 12 Km.
 Dificultade: Media/alta
 Punto de encontro: Albergue Peregrin@s de O Pino
 Contacto e información: Tel.: 986 559 456
 turismo@valga.gal



Ruta circular polas zonas máis elevadas do concello. A ruta comeza por unhas das sendas do Camiño Portugués e discorre, principalmente, por paisaxes arboradas e con desniveis, visitando lugares histórico-culturais como a Capela da Saúde e a Capela dos Martores. Atravesando o río Valga, afluente do Ulla, nunha contorna natural, descubriremos o lugar onde se atopan as fervezas de Parafita e Raxoi e onde se pode disfrutar da súa beleza e dos seus muíños. Unha ruta chea de natureza, auga e historia.

PADRÓN

POLAS BEIRAS DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 14.6"
O: 8° 39' 32.6"

Data: Sábado, 15 de outubro de 2022
 Hora saída: 9:30 h. Distancia: 12 Km.
 Dificultade: Baixa
 Punto de encontro: Centro Social Conc. de Padrón
 Contacto e información: Tel.: 646 593 319
 turismo@padron.gal



Ruta circular que percorre as beiras dos ríos Sar e Ulla, cun perfil sen grandes desniveis no que se percorren as beiras do Ulla na parroquia de Herbón ata chegar á desembocadura do Río Sar no Ulla. Esta ruta permítenos facer un percorrido cultural pasando por algúns dos elementos máis característicos desta zona, as pesqueiras da lamprea, que son de orixe romana e seguen en funcionamento, o Convento de Herbón, lugar onde chegaron os famosos Pementos de Herbón ou a Fundación de Rosalía de Castro. As inscricións realízanse no seguinte enlace: www.padronturismo.gal/inscricions.

SILLEDA

ILLAS DE GRES - PRAIA FLUVIAL DE CIRA

GPS: N: 42° 41' 51.4"
O: 8° 14' 52.8"

Data: Sábado, 22 de outubro de 2022
 Hora saída: 09:30 h. Distancia: 10 Km.
 Dificultade: Media
 Punto de encontro: Diante do Concello de Silleda
 Contacto e información: Tel.: 986 580 000
 cultura@silleda.es



Sairase en autobús dende o Concello de Silleda e regresarase dende a praia fluvial ao mesmo punto de partida. Ruta lineal intermunicipal entre os Concellos de Vila de Cruces e Silleda con saída dende as illas de Gres (Ponte Ledesma) e chegada á praia fluvial de Cira. O percorrido discorrerá pola beira do Ulla ata o lugar coñecido como Xunta dos Ríos, xa en Cira (termo municipal de Silleda) onde o Ulla recibe as augas do río Deza. Un lugar fermoso con merendeiro e zona de lecer e paseo.

SANTISO

CIRCULAR DE BEIGONDO

GPS: N: 42° 51' 54.3"
O: 8° 5' 59.6"

Data: Sábado, 29 de outubro de 2022
 Hora saída: 10:00 h. Distancia: 7 Km.
 Dificultade: Media-baixa
 Punto de encontro: Campo da festa de Beigondo
 Contacto e información: Tel.: 981 818 501
 nicolas.castro@santiso.gal



Paseo ao arredor do encoro de Portodemouros, na parroquia de Beigondo, coa curiosidade de ver o único ferri de augas continentais de Galicia. É un sendeiro circular, de sete quilómetros con nivel doado, apto para tódolos públicos. Ademais do transbordador de uso público e gratuito unindo os concellos de Santiso e Vila de Cruces, poderemos ver a illa de altura e a presa do encoro. Unha paisaxe de moito valor e gran beleza.

Inscripción nos Concellos correspondentes ata o martes previo á realización da actividade.

- Non se permite a acampada en ningunha das súas modalidades.
- Ir en silencio, permitirache observar a fauna.
- Observa a flora e a fauna sen danala nin arrincala, para que todos poidamos seguir gozando dela.
- Recorda recoller o lixo e levalo a un lugar axeitado.
- Non se permite facer lume. Se ves fume chama ao 112 dos servizos de emerxencias.
- Leve o seu móbil cargado.
- Roupa e calzado cómodos, adaptados á climatoloxía.
- Coñecer e descubrir non é unha carreira de fondo.

DODRO BRAÑAS DE LAÍÑO

GPS: N: 42° 44' 0.05"
O: 8° 40' 0.90"

Data: Sábado, 11 de xuño de 2022
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 14 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Pazo de Lestrobe
Contacto e información: Tel.: 981 802 532
deportes@dodro.gal

Ruta cun perfil moi chan e favorable. Ten entre 0,5 e 15 metros de elevación.

Percorre na súa totalidade a veiga de Lestrobe e as Brañas de Laiño. Considerado un dos humidaís máis importantes de Europa e donde habita a maior poboación da escribenta das canaveiras, en serio perigo de extinción. O camiñante poderase achegar ó Ulla no seu curso baixo e percátase da súa inmensidade e de todo o que o rodea ó seu paso por Dodro. Toma o testigo do curso do río onde remata o vecino Padrón e entrégallo a Rianxo.



VILA DE CRUCES PONTE BASEBE - ILLA REMESQUIDE

GPS: N: 42° 47' 38.0"
O: 8° 10' 12.5"

Data: Domingo, 26 de xuño de 2022
Hora saída: 9:30 h. Distancia: 13 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Praza do Concello
Contacto e información: Tel.: 986 582 017
info@viladecruces.es

Sendeiro lineal do concello de Vila de Cruces que comeza na Ponte Basebe (parroquia de Salgueiros) e finaliza en Remesquide (parroquia de Santomé de Obra). Os seus 13 Km. transcorren polo marxe esquerdo do río Ulla; con unhas excelentes vistas para desfrutar desta ruta que atravesa diferentes parroquias como Santomé de Obra, Brandariz, Piloño e Salgueiros. Trátase dunha ruta con diferentes desniveis perfectamente asumibles para calquera persoa.



PALAS DE REI RUTA DAS TORRENTES

GPS: N: 42° 51' 27.1"
O: 7° 52' 04.3"

Data: Sábado, 16 de xullo de 2022
Hora saída: 10:30 h. Distancia: 6 Km.
Dificultade: Alta
Punto de encontro: Praza do Concello
Contacto e información: Tel.: 982 380 001
culturapalas@gmail.com

A ruta percorrerá o río Ulla polo tramo das Torrentes de Mácara, iniciándose no antigo Balneario de Frádegas e chegando ata a unión do Río Pambre co Ulla.

Neste tramo hai un pequeno canón entre granito con moitos rápidos e pequenas fervezas, a de maior altura entre 3 e 4 m. Atópanse árbores de formas irregulares e grandes rochas que se deben atravesar, a veces, non sen dificultade. Posteriormente visitarase o Castelo de Pambre




BOQUEIXÓN - VEDRA UNINDO ROTEIROS... AO PÉ DO ULLA

GPS: N: 42° 47' 05.5"
O: 8° 22' 17.3"

Data: Domingo, 24 de xullo de 2022
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 10 Km.
Dificultade: Media-Baixa
Punto de encontro: Área Recreativa de Sucira
Contacto e información: Tel.: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com
Tel.: 981 814 691
casadospeons@concellodevedra.gal

O punto de inicio é a Área Recreativa de Sucira (Boqueixón), percorrermos un tramo do roteiro dos Pescadores a carón do río Ulla. É unha fermosa senda que pasa por Donas e segue un camiño de viñedos que nos levará a Vedra. Continuando a ruta atoparémolos co "Miradoiro e pontes de Gundián", co pobo da Ponte Ulla coa súa igrexa, o Muíño de Reboredo... O punto e final será na Área de Recreo de Agronovo (Vedra).



AGOLADA CANLE DE RAMIL - A CONTORNA DO ULLA

GPS: N: 42° 50' 29.0"
O: 7° 58' 40.0"

Data: Sábado, 13 de agosto de 2022
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 10 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Eira da Xoana en Ramil
Contacto e información: Tel.: 986 788 062
prensagolada@agolada.es

Ruta circular de interese ambiental e cultural. Os asistentes partirán dende a Eira da Xoana, situada na parroquia de Ramil. Alí in situ poderán conecer a historia de recuperación deste inmoible. Despois, a ruta transcorrerá pola Canle de Ramil podendo desfrutar do río Ulla e de paraxes únicas. O camiño elixido levará aos participantes ata o monte de Basadroa, onde se informará dos petróglifos e mámoas que podemos atopar pola contorna. Por último, a través do Camiño Real, volverase ao punto de partida.



MONTERROSO DO VELLO AO NOVO MONTERROSO E O MUIÑO DO ALEMÁN

GPS: N: 42° 47' 45.0"
O: 7° 49' 29.5"

Data: Xoves, 25 de agosto de 2022
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 27 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Área Recreativa de Caracacho
Contacto e información: Tel.: 626 529 893
espazo.lorenzo.varela@gmail.com

Ruta BTT e senderismo que comeza na Área Recreativa de Caracacho, onde poderemos ver a réplica do miliario (adicado a Caracalla no ano 213, que sinala 24 millas; isto é, os 40 quilómetros que separaban a Monterroso da capital provincial, e que nos levará a través da montaña monterrosina para poder ver as antigas edificacións importantes da vila de Monterroso e os seus recursos naturais. Enlazaremos coa ruta do Muíño do Alemán para poder desfrutar da paisaxe do río Ulla.



A ESTRADA OS SONS DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 32.8"
O: 8° 28' 10.0"

Data: Sábado, 27 de agosto de 2022
Hora saída: 9:30 h. Distancia: 12 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Ponte de Ximonde
Contacto e información: Tel.: 629 577 246
senderuta03@gmail.com

Iniciaremos a ruta pasando polo coto salmoneiro de Ximonde para dirixirmos ata a desembocadura do río Liñares, lugar moi apreciado polos pescadores dado o bo índice de capturas que se realizan tódolos anos neste punto.

Pouco despois afastarémolos das orillas do río durante 2 Qm. para desfrutar de camiños anchos entre carballos e piñeiros, e logo regresaremos o Ulla para desfrutar dunha ruta cargada de emocións, sons e un sinfín de natureza e auga. Sen dúbida, un pracer para os sentidos.



PONTECESURES OLLANDO O ULLÁN

GPS: N: 42° 43' 19.7"
O: 8° 39' 03.7"

Data: Domingo, 28 de agosto de 2022
Hora saída: 9:00 h. Distancia: 15 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: A Plazuela (centro urbán)
Contacto e información: Tel.: 986 564 410
xuventude@pontecesures.org

Este roteiro "Ollando o Ullán" comenza no centro urbán de Pontecesures. A continuación adéntrase nas ladeiras dos montes Castro Valente e Salgueiras, desde as que se pode observar na súa totalidade o Val do Ullán e o sinuoso trazado que fai o río Ulla no centro deste val. Cabe destacar algúns lugares de interese, como son o Mirador de Galiñeira, os Petróglifos da Pedra da Serpe, así como as maravillosas vistas deste impresionante río e dos seus concellos limítrofes.



ANTAS DE ULLA ULLOANDO POLO NACEMENTO

GPS: N: 45° 45' 07.3"
O: 7° 53' 26.1"

Data: Domingo, 4 de setembro de 2022
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 12 Km.
Dificultade: Baixa
Punto de encontro: Praza de España
Contacto e información:
Tlfno.: 982 379 251 - 699 604 533
concello.antasdeulla@eidolocal.es

A ruta levaranos a carón do río dende a Ponte Mercé ata o antigo balneario de Frádegas, coa súa fonte de augas ricas en xofre. Agárdanos unha paisaxe fluvial fermosa e coñeceremos a riqueza arquitectónica da zona: Viacrucis, Capela dos Condes de Torrepenela, Pazo de Santa Mariña do Castro de Amarante. O rematar o roteiro circular, achegarémolos a visitar o "NACEMENTO DO ULLA", sito na parroquia de Santa María de Olveda, deste municipio.



VILAGARCÍA DE AROUSA DA ILLA DE CORTEGADA AO MIRADOIRO DA CRUZ DE FERRO EN XIABRE

GPS: N: 42° 36' 53.4"
O: 8° 46' 33.3"

Data: Domingo, 11 de setembro de 2022
Hora saída: 9:00 h. Distancia: 14 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Praza da Liberdade. Carril
Contacto e información: Tel.: 986 099 200 (ext. 254) - turismo.vga@vilagarcia.gal

Aproveitando a baixamar, cruzamos a pé polo Río Ulla ata a Illa de Cortegada polo Camiño do Carro, entre os viveiros de ameixa e berbericho. Facemos unha breve visita á illa da man das mariscadoras de AMARCARRIL, e voltamos a Carril pola mesma ruta. Logo nos adentramos no monte Xiabre para culminar no recentemente inaugurado Miradoiro da Cruz, dende o que se contempla o Ulla ata Pontecesures, a Ría de Arousa e o Parque Nacional das Illas Atlánticas. E xa regresamos a Carril por outro itinerario.



ARZÚA RUTA DA FERVENZA DAS HORTAS

GPS: N: 42° 53' 38.9"
O: 8° 10' 06.0"

Data: Sábado, 24 de setembro de 2022
Hora saída: 8:30 h. Distancia: 19,5 Km.
Dificultade: Media
Punto de encontro: Fonte Santa (Capela)
Contacto e información: Tel.: 609 634 357
info@turismoarzuaga.gal

O roteiro ten o seu inicio xunto ao río Iso, na capela da Fonte Santa. Os seus fitos máis destacados son O Torrente de Maroxo, que remata no couto do mesmo nome e que ofrece unha panorámica única. Tamén destaca o encoro de Portodemouros, construído en 1968 na conca do río Ulla. Máis adiante atoparemos o Enredo do Abelleiro, museo vivente do mel e da apicultura e por último, o roteiro finaliza na Ferveza das Hortas, un dos límites naturais entre os concellos de Arzúa e Touro.



TEO RIBEIRA TEENSE DO ULLA

GPS: N: 42° 44' 51.0"
O: 8° 33' 20.3"

Data: Domingo, 25 de setembro de 2022
Hora saída: 10:00 h. Distancia: 9 Km.
Dificultade: Media-baixa
Punto de encontro: Área de lecer do Xirimbao
Contacto e información: deportes@teo.gal,
turismo@teo.gal

Ruta lineal que percorre toda a ribeira teense. O Ulla forma parte da Rede Galega de Espazos Protexidos, con presenza nesta zona de fragas e vexetación de ribeira que constitúen ecosistemas de grande valor ambiental como a Devesa de Agromaior ou a carballeira de Xermeade. Enclaves naturais pero tamén patrimoniais que humanizaron este val ó longo dos séculos: pesqueiras, fontes, pontes e pontellas, canles de rega, muíños, etc. A Ponte Medieval de Pontevea do século XIV, Ben de Interese Cultural, ou a Ponte colgante da Mariola no Xirimbao, son algúns dos elementos culturais de maior sona.

